



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA, PARA O FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA PILOTO DE APOIO SOCIO-EDUCATIVO COMUNITARIO E ATENCIÓN NO FOGAR A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA CON ENFERMIDADE MENTAL RESIDENTES EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,
DECLARA:

Que esta Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA) o instrumento convencional arriba referido. O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2016. Non obstante, as acción englobadas no presente convenio dende o 1 de xaneiro de 2016 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das actividades que conleva o programa piloto de apoio socio-educativo comunitario e atención no fogar a persoas en situación de dependencia con enfermidade mental residentes en Galicia que FEAFES ten previsto desenvolver, entre outras, durante o ano 2016 e que a continuación se detallan:

- Área de atencións comúns.
 - Servizo de información, valoración, seguimento, avaliación e coordinación.
 - Servizo de información, orientación e formación a familiares.
- Áreas de atención específicas.





- Servizo de promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional.
 - Atención psicolóxica.
 - Atención pedagóxica.
- Servizo de actividades e programas.
 - Actividades de ocio e tempo libre.
- Servizo de habilitación psicosocial.
 - Adestramento en habilidades persoais e sociais.
 - Fomento e promoción da inclusión social.
- Servizo de desenvolvemento profesional e social para persoas dependentes en idade laboral.
 - Formación pre-laboral (habilidades básicas polivalentes para o emprego).
 - Formación ocupacional normalizada.
 - Formación práctico-laboral en empresa ordinaria.
 - Emprego con apoio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade e persoas con dependencia, conforme ao Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.





A entidade FEAFES figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-0906, ten por finalidade promover a mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade mental e as súas familias e/ou persoas coidadoras, a defensa dos seus dereitos e a representación e defensa do movemento asociativo FEAFES en Galicia .

Que actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención e promoción da autonomía persoal das persoas en situación de dependencia con enfermidade mental, desenvolvendo programas co obxectivo de recuperar á persoa e acompañala neste proceso, así como a súa familia e persoas coidadoras, evitando a cronificación desta situación e previndo o desenvolvemento dunha situación de dependencia especialmente naqueles espazos onde a implantación de servizos e programas específicos é débil.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración coa entidade FEAFES para contribuír ao financiamento das actuacións relacionadas co desenvolvemento dun programa piloto de apoio ás persoas con enfermidade mental.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a entidade FEAFES é a única federación de iniciativa social e de ámbito autonómico que desenvolve no ámbito da Comunidade Autónoma galega programas e actuacións para a mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade mental e as súas familias/e ou persoas coidadoras, a defensa dos seus dereitos e a representación e defensa do movemento asociativo FEAFES en Galicia, brindando apoio e coordinación ás asociacións que a integran, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver esa atención.





Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a súa estrutura orgánica, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 50 da Lei 12/2015, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 en relación ao artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 6 de abril de 2016.

